

Todos os Xerais

- 1984: **Carlos González Reigosa**
Crime en Compostela
- 1985: **Lois Xosé Pereira**
As horas de cartón
- 1986: **Xoán Bernárdez Vilar**
No ano do cometa
- 1987: **Xosé Ramón Pena**
Para despois do adeus
- 1988: **Francisco X. Fernández Naval**
O bosque das antas
- 1989: **Darío Xohán Cabana**
Galván en Saor
- 1990: **Alfonso Álvarez Cáccamo**
As baleas de Eduardo Reinoso
- 1991: **Xosé Fernández Ferreiro**
Agosto do 36
- 1992: **Xosé Carlos Caneiro**
O infortunio da soidade
- 1993: **Deserto**
- 1994: **Darío Xohán Cabana**
O cervo na torre
- 1995: **Aníbal C. Malvar**
Unha noite con Carla
- 1996: **Manuel Seixas**
A velocidade do frío
- 1997: **Xavier Manteiga**
Manancial
- 1998: **Xosé Miranda**
Morning Star
- 1999: **Anxo Angueira**
Pensa não
- 2000: **Luis Rei Núñez**
Expediente Artieda
- 2001: **Marilar Aleixandre**
Teoría do Caos
- 2002: **Inma López Silva**
Concubinas
- 2003: **Jaureguizar**
Casa Skylab
- 2004: **Manuel Veiga**
O exiliado e a primavera
- 2005: **Teresa Moure**
Herba moura
- 2006: **Diego Ameixeiras**
Tres segundos de memoria
- 2007: **Rexina Vega**
Cardume
- 2008: **Manuel Lourenzo González**
O xardín das pedras flotantes
- 2009: **Rosa Aneiros**
Sol de Inverno
- 2010: **Iolanda Zúñiga**
Periferia
- 2011: **Xavier Queipo**
Extramunde
- 2012: **Manuel Lourenzo/María Lourenzo**
Tonas de laranxa
- 2013: **Xabier López López**
Cadeas
- 2014: **María Reimóndez**
Dende o conflito



Edicións Xerais de Galicia
convoca a trixésimo segunda
edición do **PREMIO XERAIS
DE NOVELA** en lingua galega,
dotado con 10000 euros,
que se rexerá
polas seguintes bases:

1ª. Poderán concorrer ao premio todos aqueles autores/as de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. Os textos presentados han ser inéditos e totalmente orixinais, non podendo ter sido comunicados, nin na súa totalidade, nin por partes, por ningún tipo de procedemento.

2ª. De cada orixinal presentaranse seis copias en papel, mecanografadas a dobre espazo e debidamente encadernadas, acompañadas dun cedé no que se incluíra a obra en formato pdf, antes do día 27 de marzo de 2015 nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia, S.A., rúa Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo.

3ª. Co orixinal, que deberá ser presentado baixo lema e sen ningún tipo de dato que identifique ao seu autor/a, achegarase, en sobre pechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor/a, así como o título da obra, indicando no sobre: para o Premio Xerais de Novela.

4ª. O xurado estará composto por cinco membros, escollidos entre lectores e lectoras e un secretario con voz e sen voto en representación de Edicións Xerais de Galicia, S.A. O premio outorgarase por maioría de votos.

5ª. A composición do xurado darase a coñecer no mes de maio.

6ª. O xurado emitirá o seu fallo no curso da Festa Xerais que se celebrará o día 6 de xuño.

7ª. O premio poderá ser declarado deserto no caso de que o xurado así o estime e a decisión será inapelable.

8ª. Edicións Xerais de Galicia, S.A., que reserva os dereitos de edición sobre a novela premiada en todas as linguas, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, poderá publicar esta sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os tres mil primeiros exemplares vendidos estarán libres do pagamento de dereitos de autor/a. O beneficiario/a do premio, que se compromete a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente vinte e cinco exemplares da obra publicada.

9ª. Os orixinais non premiados poderán retirarse no mes seguinte ao fallo. Os que non se retiren serán destruídos.

A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación das normas contidas nas presentes bases e as decisións do xurado que se teña designado.

Vigo, xaneiro 2015

**premio xerais
de novela**
32ª edición